

## 1.- PRESENTACIÓN DA ENTIDADE.

A Fundación Escultor Pedro Dobao é unha entidade de moi recente creación, no ano 2011, cuxa andadura con actividades propias comeza xa no ano 2012. Os fins que definen á entidade son o desenvolvemento e promoción de actividades asistenciais e promocionais a favor dos creadores visuais e novos valores das artes plásticas, así como a divulgación e conservación da propia obra do autor Pedro Dobao. Por mediación da Fundación, organízanse cursos, seminarios, conferencias e outras actividades; tamén se invita ao artista e ao espectador á profunda reflexión relacionada coas Artes Plásticas. A súa actuación será en todo o territorio da Comunidade de Galicia; así mesmo, a sede da fundación reside en Vigo. A Fundación Escultor Pedro Dobao está ao servizo do cidadán e as súas inquietudes culturais no mundo das artes plásticas e en especial da escultura, promovendo a novos valores, impartindo cursos ás institucións que o soliciten, e conferencias en todo o territorio Galego, organizar exposicións e editar catálogos e outras publicacións. Pedro Dobao é galego. O seu pensamento convértese en escultura, que é a súa linguaxe principal. Comenta, que a escultura por moi abstracta que sexa, a propia escultura, ten que ser a que dialogue co espectador. A escultura realista é maravillosa, como outros modos de expresión, na abstracción podes considerar o ruxir do vento, ou o choro dunha sociedade ferida.

## 2.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O 2018.

Cara o ano 2018, a Fundación ten previsto realizar unha serie de **conferencias divulgativas** destinadas a un público amplo, non especializado, que terán como contido principal a formación e divulgación a través dunha vontade pedagóxica clara. O seu obxectivo é a animación ao disfrute da escultura. Ao remate das devanditas conferencias, os asistentes asiduos serán capaces de discernir estilos e identificar materiais e obras, especialmente relacionadas cos diversos escultores traballados.

Así, ao longo do ano, programaranse tres conferencias, cuxos títulos segundo as materias a tratar serán:

- “A escultura galega. Historia e principais artistas”.
- “A escultura monumental. Historia e evolución”.
- “Escultor imaginero, Gregorio Fernandez”.

## 3.- XUSTIFICACIÓN DO SEU INTERESE.

O fomento da cultura xustifica por sí mesma o interese deste proxecto, pero é preciso facer fincapé no feito de que especificamente, a escultura é unha disciplina que actualmente atópase con menor número de actividades para o seu coñecemento e achegamento á poboación en xeral.

## 4.- CONTRIBUCIÓN AO FOMENTO E DIFUSIÓN DA CULTURA GALEGA.

Quérese adicar especial atención ao fomento e difusión da escultura en Galicia, comunidade na que poden atoparse autores de referencia a nivel nacional e internacional que aportan un valor imprescindible ao noso espacio cultural e que o seu coñecemento polo gran público precisa de actividades propias de divulgación .

#### 5.- METODOLOXÍA E FERRAMENTAS A UTILIZAR.

As conferencias impartiranse por reputados profesionais e artistas da técnica escultórica, que amosarán as particularidades da disciplina e analizando de xeito práctico os contidos segundo o tipo de conferencia. Para isto, utilizarase equipamento informático coa proxección de obras exemplificativas da materia tratada.

#### 6.- REPERCUSIÓN TERRITORIAL.

Os espazos nos que se impartirán estas charlas serán centros sociais, educativos e culturais en diferentes poboacións da comunidade galega.